

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 10 DE XUÑO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dez de Xuño de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 3 de Xuño.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Dona Belén Pérez Centrón, veciño de San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga na súa vivenda sita na Estrada de Carballeda do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000

pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenzia ficará nula e sen efecto.

Examinado o expediente promovido por Don José Alvarez García, veciño de Sanín, en virtude de instacia número 3.328, do 9 de Novembro de 1995, solicitando licenzia municipal para transformación dunha explotación avícola a vacuno de engorde para 100 becerros, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2.414/1961, do 30 de Novembro.- RESULTANDO.- Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.- CONSIDERANDO.- Que o proxecto reúne os requisitos esixidos e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio ambiente suxetarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO.- Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona no planeamento urbanístico e CONSIDERANDO que na zona ou nas súas proximidades non existe risco de actividades xeradoras de efectos aditivos análogos.- Visto o Decreto 2414/61, do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1.- Informar favorablemente a concesión da licenzia municipal instada por Don José Alvarez García para a transformación dunha explotación avícola a vacuno de engorde para 100 becerros no lugar de Sanín, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito regulamento e disposicións complementarias.- 2.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, sobre calidade sanitaria da Zona de Baño "Pozas de Francelos".

Da Consellería de educación e Ordenación Universitaria, comunicando concesión de subvención por importe de 1.489.068 pesetas para realización de actividades de alfabetización e formación de adultos ddurante o ano 1996.

De Deputación Provincial, copia de Decreto comunicando concesión de subvención por importe de 500.000 pesetas, para "Arranxo Colexio de E.X.B."

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de aguas do abastecemento de Santa Cristina e de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura de data 31 de Maio pasado, presentada por Autocares Rodríguez, polos servicios realizados cun autocar para os desprazamentos do equipo de fútbol Ribadavia Atlético, durante a tempada 95-96, por importe de 350.000 pesetas, ós efectos de que se remita á Excma. Deputación de Ourense para o seu aboamento.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.